

Premios. — *Premio López Ferreiro.* O 23 de outubro do 2004 foille outorgado o Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística 2004 a Ramón Lorenzo Vázquez, Catedrático emérito en Lingua Galega da USC, membro fundador do Instituto da Lingua Galega e figura relevante na investigación do galego medieval. Nun solemne acto celebrado o 23 de novembro do 2004 no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela e que presidiu o Presidente da Xunta de Galicia, Lorenzo recolleu ese premio que na modalidade de Humanidades se concede cada catro anos.

— *Premio Vicente Risco.* O X Premio ‘Vicente Risco’ de Ciencias Sociais 2005, promovido polos concellos de Allariz e do Castro Caldelas e as Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, outorgóuselle a Montserrat Varela Vázquez pola obra *Na memoria do pobo. Oficios, contos e cantigas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2005, 240 p.

A obra é unha rica e complexa mostra dos diversos aspectos do modo de vida tradicional galego, unha mostra que contribúe a rexistrar e recuperar a memoria dunha cultura en irreversible proceso de transformación. O libro é de interese para un lingüista, especialmente para o preocupado pola lexicografía e a fraseoloxía, pero tamén é de utilidade para un etnógrafo, para un antropólogo, para un estudoso da literatura popular e mesmo para un historiador que se basee nas fontes orais.

— *Premio Dámaso Alonso.* O VII Premio ‘Dámaso Alonso’ de Investigación Filolóxica 2005, convocado pola Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz outorgóuselle a Juan Carlos Fernández Pérez pola obra *El estilo de Berceo y sus*

fuentes latinas: la “Vida de Santo Domingo de Silos”, los “Milagros de Nuestra Señora” y los “Himnos”. Análisis comparativo editada no 2005 pola devandita Universidade (290 p.).

Neste estudo analízase o estilo desas obras en relación cas súas fontes latinas, aspecto marxinado na crítica berceana. Mentres que outros elementos fundamentais como o da temática (*inuentio*) ou a estrutura (*dispositio*) con respecto ós modelos recibiron maior atención polos estudosos, non hai constancia de ningún traballo que examine sistematicamente o estilo dos poemas de Berceo desde tal ángulo. O fin que esta monografía persegue é, xa que logo, determinar no campo estilístico a débeda de Berceo verbo das fontes latinas que tomou como referencia. [F. F. R.]